



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL APROBADA NO PLENO DO PARLAMENTO DE GALICIA DO 25 DE ABRIL DE 07

O narcotráfico é unha lacra social dunha enorme gravidade que afecta a milleiros de persoas de calquera idade e condición social.

Estamos diante dun dos maiores problemas do século XXI, e superar os seus efectos é un dos grandes retos da sociedade actual, de xeito particular en Galicia onde este problema ten unha especial incidencia.

Consciente da gravidade deste problema e da necesidade de medidas de todo tipo, o Parlamento de Galicia quere amosar o seu apoio á “Campaña Panos brancos contra a droga”, promovida pola Fundación Galega contra o Narcotráfico, como representación do máis contundente rexeitamento ás drogas e o narcotráfico, e quere facer unha chamado ó conxunto de tódolos galegos e as galego, para continuar na loita contra esta lacra social, construindo entre todos unha auténtica sociedade galega do benestar.